

n4



Sumario

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que é a industria alimentaria?	Redacción.	4
Garantias constitucionais nos dereitos fundamentais	Equipo do enredate radio	6
Auga plastificada	Anxeles B.F.	7
Viñetas	Bort	8
O actual sistema alimentario	Amigos da terra	10
Educación sen fronteiras impulsa a agroecoloxía en ecuador	Educación sen fronteiras	11
O Rexurdimento da Cultura da Landra	Juan Pablo Forti	12
A cova dos ratos, centro social autoxestionado	AC Galeidoskopio	13
Soberanía alimentaria e feminismo	Marcha mundial das mulleres Galicia	14
A boia entrevista a... Eneko Pérez		15

Tirada nº3: 221 exemplares

0.50€ nº4 Xullo-2013

COLABORA CONNOSCO!

aboia.info

revistaaboia@gmail.com

Puntos de venta: Centro social Bou Eva (Vigo), Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo), Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo), Mercado da Tía Ri (Sabarís), Distrito 9 (Vigo), Café Uff (Vigo), Cova dos ratos (Vigo), Bar Hipólito (Vigo), Tetería Rosalinda (Vigo), Bar Princesa (Vigo), Taberna do Jefe (Gangas), La bolera (Moaña), Rañolas Café (Gondomar)

Ilustracións viñetas: Carlos Casal web facebook.com/carlos.casaldiaz

Ilustrador da portada: Carlos Arrojo . web carlosarrojo.com



Editorial

Este mes de xuño chegaba a noticia dende a FAPA de Castelló de nenos buscando comida no lixo do seu colexio. Incluso os propios mestres levaban, por iniciativa propia, alimentos para paliar a fame dos cativos con menos recursos.

Non se trata de un caso illado, e todos sabemos que a situación estase a agravar. Resulta evidente que a política austericida dos dous últimos gobernos do estado, destinadas a pagar a débeda xerada polos rescates bancarios e os seus intereses, está na causa inmediata da fame que está a pasar unha parte da poboación, que está a encher os comedores sociais e que xa inclúe a cativos nos colexio públicos, sen contar con todas as persoas que son empuxadas a buscar sustento no lixo das cidades. Pero os recortes que levan ao empobrecemento masivo das clases populares non son a única causa, senón que temos que sinalar tamén a forma de producción e distribución dos alimentos.

No estado español unhas poucas empresas controlan a distribución e os prezos dos alimentos e produtos básicos. Multinacionais coma Carrefour, El Corte Inglés, Auchan, Lidl ou Mercadona, ademais de decidir canto pagan aos produtores polo froito do seu traballo grazas a súa posición de privilexio, ademais de ofertar postos de traballo precarios e cada vez en peor condicións, controlan os prezos que temos que pagar polos alimentos e demais produtos básicos. Por iso, ademais de oponernos ao pago dunha débeda inxusta, debemos de por fin ao control dun sector estratégico para nos como é a alimentación, mediante a creación de formas alternativas de distribución dos produtos básicos, pero tamén, para evitar o estrangulamento das iniciativas dende abaixo por parte do sistema, é preciso lograr o control social das grandes distribuidoras, destruíndo así a súa posición de monopolio. A alimentación é demasiado importante como para deixala en mans da cobiza dos "mercados" e os seus instrumentos de dominación.

**DEMOCRACIA FRONTE "OS MERCADOS"
MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR
PENSA - ACTÚA - ORGANÍZATE**

QUE É A INDUSTRIA ALIMENTARIA?

Redacción

Industria encargada da elaboración, transformación, preparación, conservación e envasado dos alimentos de consumo humano e animal.



CALES SON AS CIFRAS GLOBAIS ACTUAIS SOBRE A PRODUCIÓN DE ALIMENTOS?

Dende os anos 60, coa chamada Revolución Verde, a producción de alimentos multiplicouse por tres, mentres que a poboación mundial duplicouse. Segundo este patrón supoiamos que a fame no mundo debería de ter sido superada fai tempo. Pero o certo é que, neste momento, producimos alimento para 12 mil millóns de persoas; pero mil millóns, dos 7 mil que habitan o planeta, pasan fame.

"Neste momento, producimos alimento para 12 mil millóns de persoas; pero mil millóns, dos 7 mil que habitan o planeta, pasan fame."

POR QUE SE PRODUCE A FAME?

A condena á fame de mil millóns de persoas ten que ver, directamente, coa taxa de beneficio do gran capital e as políticas que os estados e as institucións do capitalismo global desenvolven para protexela. A xente pasa fame, morre de fame, por razóns políticas.

As políticas agrícolas da UE (a PAC, que

consume preto do 40% do presuposto europeo) e de EEUU están centradas na subvención á producción das multinacionais para que poidan vender baixo prezo de custo nos mercados do sur. O resultado destas medidas proteccionistas do norte son devastadoras e así, por exemplo, no maior mercado agrícola de África, o de Dakar, é más barato mercar produtos europeos que os producidos no propio Senegal, o que condena á desaparición dos pequenos agricultores locais, cuxas terras son, nunha nova fase de colonización, adquiridas por esas mesmas multinacionais para explotalas segundo os intereses dos mercados do norte. O acaparamento das mellores terras nos países do sur dá lugar a situacións ilóxicas e homicidas, como a utilización de terras fértiles etíopes para a plantación de flores. Polo ben do capitalismo e para cumplir co desexo de prezos baixos dos consumidores do norte, unha parte importante da poboación mundial perde o dereito a comer e, incluso, a beber, pola privatización dos recursos hídricos (incluso da auga da chuvia, como ocorreu en Bolivia no ano 2.000).

No capitalismo os alimentos só teñen razón de ser coma mercancía. Polo tanto, o fin esencial da industria alimentaria

non é dar de comer as persoas, senón satisfacer as necesidades do mercado de intercambio de mercancías, o que quere dicir que, destruír colleitas, tirar comida ao lixo ou, incluso, pagar por non cultivar,... forman parte da súa lóxica.

Por outro lado, o control que as multinacionais teñen sobre a produción de alimentos vai en incremento. Durante as décadas dos anos 60 e 70, os xigantes da alimentación non só conseguiron multiplicar a produción, senón que tamén avanzaron nun dos seus obxectivos estratégicos fundamentais: a privatización das sementes. Mediante a expansión duns poucos e novos cultivos industriais (a través de fortes campañas destinadas a facer un mercado de alimentos homoxéneo) e apoiados no sistema de patentes, o capitalismo logrou arrebatar a gran parte do campesiñado a capacidade para gardar as sementes de semienteira, e dominar así completamente a produción. Hoxe en día, o mercado das sementes está monopolizado por dez empresas que controlan o 70% do mercado.

"En xeral, o sistema que nos prové o alimento animal consiste en calcular ata que punto poden achegar cara á morte aos animais sen matalos"

Existe outro problema relativo á industria alimentaria: as granxas industriais. O sistema de produción animal ignora de forma sistemática custes coma a degradación ambiental (o 20% dos gases de efecto invernadoiro son emitidos pola industria gandeira, máis que todo o tráfico rodado do mundo), as enfermidades humanas (o emprego masivo e descontrolado de antibióticos para acelerar o crecemento xera resistencias

das enfermidades aos medicamentos) ou o sufrimento animal. En xeral, o sistema que nos prové o alimento animal consiste en calcular ata que punto poden achegar cara á morte aos animais sen matalos. Como crialos rápidamente, como aloxalos no mínimo espazo, o máximo e mínimo que poden comer, o enfermos que poden estar sen morrer .



E TI QUE PODES FACER?

Acabar coa fame e a cruidade animal esixe democracia e xustiza nas políticas agrícolas e alimentarias e apostar por un modelo de agricultura de proximidade, no que os consumidores teñan unha participación activa (coñecer o que comemos e como se produce). Devolver a capacidade de decidir sobre a produción, a distribución e o consumo de alimentos. Por isto debemos guiarnos por un consumo responsable que se basee nunha produción alimentar que respecte e se axeite sempre á contorna natural e cultural na que se desenvolve, e no que fomentemos a protección dos dereitos das especies.

GARANTIAS CONSTITUCIONAIS NOS DEREITOS FUNDAMENTAIS

*Equipa do Enrédate radio.

O dereito á alimentación é un dereito humano que garante o acceso e gozo dunha alimentación digna, sexa producindo o propio alimento ou adquiríndo; para poder producir, unha persoa necesita terra, sementes, auga e outros recursos, e para compralo, necesita diñeiro e a posibilidade de acceder ao mercado.

O dereito á alimentación require que os Estados proporcionen o espazo no que as persoas se poidan desenvolver plenamente para producir e procurar unha alimentación para si mesmas e para as súas familias; pero este non é o escenario actual, Non chega con ter dereito: temos que ter a garantía legal de que se cumpra; éste é o termo legal para designar a normativa de tutela dun dereito: esténdese ademais ao conxunto dos poderes públicos e privados, estatais ou internacionais.

As garantías son previstas sabendo

"O dereito á alimentación require que os Estados proporcionen o espazo no que as persoas se poidan desenvolver plenamente para producir e procurar unha alimentación para si"

que existe a violación do dereito, afirma a desconfianza sobre o exercicio do poder, e oponse por tanto, á idea dun poder bo; un estado con rixidez constitucional, subordinando ao poder político, xurídico e lexislativo.

Que está a pasar? A expresión clásica de democracia, baseada nas liberdades

individuais e a división de poderes (o contrario do absolutismo) converteuse en dous absolutismos hoxe en día: a da mayoría, e a do mercado, poder político e económico.



Este é o escenario: non manda a lei, manda o poder; o que produce o feito de que existan dereitos non garantidos; o problema non é a súa inexistencia, senón a lagoa a cubrir por parte da lexislación correspondente: é máis que nunca necesario a existencia de normas legais para garantir todos os dereitos, fronte a todos os poderes, públicos e privados en todos os planos, tanto do dereito estatal coma do dereito internacional.

Os dereitos fundamentais afirmáronse sempre ao facerse patente unha opresión ou unha discriminación que en certo momento se valorou como inaceptable. Son conquistados polos movementos revolucionarios, mais neste pasado século, non se desenvolveron as garantías dos dereitos nin nas constitucións nin nas convencións internacionais.

ÁUGA PLASTIFICADA

Ánxelos B.F

Segundo a OMS no 2025 haberá 2.888 millóns de persoas sen acceso á auga potable. Actualmente Mozambique recibe 5 litros por persona ao día, Estados Unidos 575 L.

A moda da auga embotellada comeza nos anos 70; nesta década o volume que se comercializa a nivel mundial é de 1.000 millóns de litros. Nos 80 a cantidade dóbrase e a partir de aí aumenta de maneira exponencial até chegar no 2012 aos 9.000 millóns de litros!

- A estafa

O 90% do custo é debido ao embasado. O prezo do litro de auga na garrafa supera ao da gasolina. En calquera cafetería mercamos a botella de 330ml por 1□.

- A mentira

Na publicidade asóciase a auga embotellada coa natureza, a saúde, o deporte e a beleza, facendo crer que é mellor ca auga da billa. Pero son frecuentes os casos de contaminación, tanto por bacterias, como polo propio plástico, bisfenol A o ftalatos.¹

- A privatización

A auga tería que ser un ben común.

Moitas comunidades están en loita polo dereito á auga contra as multinacionais. Un exemplo claro é o de Chiapas: a empresa Coca Cola "una de las compañías patrocinadoras del Foro Mundial del Agua, intenta asegurarse el control de



las reservas más importantes de agua de ese país".²

Peter Brabeck-Letmathe, actual presidente do grupo multinacional Nestlé, afirma que "a auga non é un dereito; debería ter un valor de mercado e ser privatizada"³

- A desfeita ecolólica

O plástico tarda 700 anos en descompoñerse e o 80% das garrafas non se reciclan. Pola transformación de cada 1.000 L de petróleo libérase a atmosfera 1 TM de dióxido de carbono.

Fan falla 100 millóns de litros de petróleo para fabricar mil millóns de botellas.-

Alternativas

Beber auga da billa, é potable e pasa máis controles que calquera

"O plástico tarda 700 anos en descompoñerse e o 80% das garrafas non se reciclan"

auga embotellada. Se sabe a cloro déixase reposar, ou filtrase. Outra boa idea sería recuperar as fontes. Ti decides: auga que non has de beber....

1) Exemplo recente: <http://www.lanacion.com.py/articulo/109212-analizaran-agua-mineral-que-estaria-contaminada>

2) <http://www.saboteamos.info/2010/08/19/coca-cola-la-nueva-duena-del-agua-en-mexico/>

3) <http://elprogreso.galiciae.com>

TIMES CHANGED IN ABELENDO STREET

1.948 TABERNA E FONDA "GENUCHA"
Genucha Lola Susa Canducha



2.013 "GENNY'S" GIN & LOUNGE BAR
Lalleny Lolloly Lallesy Lacandy



**CARPINTERÍA DE RIBEIRA
IQUEA
(PRAIA DE MEIRA)**



**"RENOVARSE,
OU IRSE
O CARALLO"**

facebook.com/carlos.casaldiaz



carlos casal



facebook.com/carlos.casaldiaz

carlos casal

XULLO



1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

5
"Repensarmos as ferramentas:
unha achega ao ecofeminismo"
Tareixa Otero
A C Bou Eva. 20:30h.

6
Lanzamento nº 4 d'A Boia.
Espectáculo
"Tristecentos versos"
A C Cova dos Ratos. 20:30h

12
Serán africano en Terzo
de Fóra: versos e ritmos que
se mesturan ao sol
A C Bou Eva. 20:30h.

20
A poeta Silvia Penas
presenta "As uñas crecen".
obra gañadora do premio
Lueiro Rey
A C Bou Eva. 20:30h.

27
"Efecto Bolaño", con
Mónica Camaña e
Zé Paredes
A C Bou Eva. 20:30h.

O ACTUAL SISTEMA ALIMENTARIO: IMPACTOS E ALTERNATIVAS

* Amigos da Terra

O modelo agroalimentario actual está baseado nunha industria globalizada causante de grandes impactos socioeconómicos e ambientais, que afectan especialmente aos países empobrecidos. O acceso a produtos fóra de tempada e a variados alimentos exóticos e tropicais, así como as políticas comerciais promovidas pola Organización Mundial do Comercio (OMC) e outros organismos internacionais, estimularon un modelo baseado na deslocalización da producción e na importación e exportación internacional de alimentos en detrimento dun modelo de producción e distribución local.

"A deslocalización da producción xera privatización e degradación dos recursos naturais, expulsión do pequeno campesiñado ou deforestación"

Esta globalización da industria alimentaria ten graves consecuencias nos recursos naturais, os ecosistemas e as poboacións, especialmente dos países empobrecidos. Así pois, o transporte de alimentos non só contribúe ao cambio climático debido ás emisións de CO₂ que xera; senón que pon en perigo a seguridade alimentaria de gran parte das poboacións empobrecidas



Amigos da Terra

do planeta.

A deslocalización da producción, que busca reducir custos ao longo de toda a cadea de producción e comercialización alimentaria, xera

privatización e degradación dos recursos naturais, expulsión do pequeno campesiñado ou deforestación, debido á procura e adquisición de novos solos para cultivo industrial.

Como consecuencia deste modelo os alimentos que consumimos veñen cada vez de máis lonxe. En concreto, segundo datos da Universidade de Vigo e Amigos de la Tierra^{*1}, en 2007 cada tonelada de alimentos viaxou unha media de 5.000 quilómetros, nada menos. Non obstante, aínda estamos a tempo de mudar, e a través das nosas decisións e hábitos de consumo podemos cambiar cara a un modelo sostenible, saudable e respectuoso co medio ambiente. Consumindo alimentos frescos, de tempada e que procedan de lugares próximos reduciremos o impacto ambiental e social do actual modelo, fomentando a soberanía alimentaria, o desenvolvemento rural sostenible e a protección da nosa contorna.

Nota 1: Informe "Alimentos Kilométricos. Las emisiones de CO₂ por la importación de alimentos al Estado español" (disponible en: www.amigosdaterra.net)

EDUCACIÓN SEN FRONTEIRAS IMPULSA A AGROECOLOXÍA EN ECUADOR.

*Educación sen fronteiras

Dende 2010, ESF desenvolve un proxecto para mellorar a educación formal e non formal en aspectos agropecuarios e de producción sostible no sur de Ecuador, que implica tanto colexios de ensino técnico coma organizacións de produtores/ás, administracións públicas e familias. Durante os tres anos de vixencia do proxecto -que finaliza o último trimestre deste ano- as diferentes actuacións beneficiarán directa e indirectamente a máis de 68.000 persoas entre agricultores, estudiantes e docentes das provincias de Loja, Zamora Chinchipe e El Oro.

Grazas a este proxecto, a xuventude pode formarse nun oficio, neste caso o da explotación agropecuaria, que lle permitirá abrirse camiño no mundo laboral.

"A xuventude pode formarse nun oficio, neste caso o da explotación agropecuaria, que lle permitirá abrirse camiño no mundo laboral."

E ademais, faino cun enfoque ambiental, aprendendo técnicas e procedementos de producción respectuosos co medio. Co fin de axudar a comercializar os produtos que elaboran e sensibilizar a poboación en temas de sostibilidade, organízanse feiras agroecolóxicas, onde os colexios

técnicos poñen á venda a producción agroecolóxica feita polo seu alumnado.



Deste modo, estes centros educativos convértense en espazos de referencia para a súa comunidade en agroecoloxía e producción sostible.

As organizacións de agricultores son outro dos colectivos implicados no proxecto de ESF, que presenta como unha das súas principais virtudes a estreita vinculación entre os sectores educativos e produtivos. Neste sentido, os diferentes centros de producción da zona organizáronse en rede para fortalecer as súas capacidades de actuación e aumentar a súa producción, conseguindo ademais vender os seus produtos ecológicos de xeito directo ao consumidor, sen a necesidade de intermediarios. Todo iso repercute en última instancia nun aumento dos ingresos de numerosas familias con escasos recursos.

Con estas actuacións, ESF contribúe a garantir o dereito das sociedades á soberanía alimentaria e a xestionar o seu propio modelo produtivo sobre a base de proxectos que repercuten no desenvolvemento local e a unha estratexia que abrangue as etapas de producción, transformación e comercialización.

SOBERANÍA ALIMENTAR PRÁCTICA: O REXURDIMENTO DA CULTURA DA LANDRA

* Juan Pablo Forti

O pasado ano, Dennis Meadows, autor do libro Os límites do Crecemento comentaba nunha entrevista á revista Format que se ben a producción de alimentos medra dende os anos 90, a poboación o fai aínda máis rápido. Ademais, cada caloría que inxerimos leva dez calorías de combustibles fósiles no seu ciclo produtivo, mentres as reservas de combustibles fósiles diminúen.

A agricultura industrial consume tamén auga e solo. O regadío forzado está a esgotar moitos acuíferos, e segundo a FAO, nos últimos 20 anos o solo perdido equivale á superficie cultivable dos EEUU. A subida dos prezos dos cereais, que ameazan ao sector gandeiro nos países industrializados e á alimentación humana nos países empobrecidos, demostra que o agrosistema globalizado hoxe non é sostible. Mais existen alternativas.

Hai rexistro histórico, arqueolóxico e etnográfico do consumo de landras (semente dos carballos) en Europa, Asia e América do Norte, mesmo ata hai ben pouco na propia Península Ibérica, onde foi un alimento fundamental ata a conquista romana.

Cada outono, atopamos landras no bosque ou na devesa, que tamén proporcionan outros alimentos e materiais, conservan a biodiversidade, crean solo e favorecen



a rexeneración dos acuíferos. A produción de landra seca oscila entre 700 e 2000 kg por hectárea e ano, sendo un recurso a ter en conta para enriquecer os nosos menús, aproveitar as zonas forestais pouco aptas para a agricultura, acortar a distancia entre a produción e o consumo, revitalizar o sector forestal galego.

"A produción de landra seca oscila entre 700 e 2000 kg por hectárea e ano, sendo un recurso a ter en conta para enriquecer os nosos menús"

A fariña de landra é un alimento equilibrado que se conserva durante moito tempo, debido ao seu contido en taninos. Estes taninos deben ser lavados con auga antes de consumirse, e esta auga rica en taninos é un eficaz antiséptico que algúns pobos empregaron como medicina, deterxente ou tinguidura.

Nas Rías Baixas xa hai permacultores experimentando con este recurso ancestral para a soberanía alimentar: pan, gachas, pasta.... Mesmo algún atrevido está a facer cervexa! Para máis información:
<http://dawamoru.blogspot.com.es/p/descargas.html>

A COVA DOS RATOS, CENTRO SOCIAL AUTOXESTIONADO

*AC Caleidoskopio



"A Cova dos Ratos" leva cas portas abertas desde principios do ano 2000. É un centro social autoxestionado, un espazo abierto, participativo e independente, no cal os colectivos e as persoas poden tanto facer uso como implicarse na súa xestión cotiá: colaborando nos grupos de traballo (barra, biblioteca, secretaría...), participando nas actividades sociais e culturais, nas campañas... O centro social é de todas as persoas que o usan e fan posíbel a súa existenza.

A tapadeira legal é a Asociación Cultural Caleidoskopio. As actividades non só fican dentro do local, senón que tamén saímos sempre que podemos á rúa... participando de todo tipo de iniciativas, troco, defensa do litoral, antimilitarismo, contra a precariedade, pola vivenda, recuperación dos espazos públicos...

Entendemos o concepto de autoxestión cun sentido moi amplio, como a capacidade que temos para administrar as nosas propias vidas, en todos os seus eidos, político, social, económico, cultural e afectivo, onde son tan importante os

xeitos de toma de decisións como os xeitos para levar adiante as iniciativas.

Intentamos vivir a nosa existencia plenamente, sempre que podemos no escorregadizo campo da coherencia e das posibilidades humanas. Tentamos sempre xuntar os fins cos medios. Facernos donos e donas das nosas propias vidas e tendo en conta, por suposto, o resto dos seres cos que compartimos o noso pequeno gran mundo...

"Tentamos sempre xuntar os fins cos medios. Facernos donos e donas das nosas propias vidas"

Sempre intentaremos aprender e experimentar, sendo conscientes de que podemos equivocarnos; tendo como obxectivo poder seguir construíndo, pouco a pouco, un mundo algo mellor, onde todas as persoas teñamos cabida, sen exclusións nin discriminación...

Para facer disto unha realidade apostamos polo traballo en rede e as estruturas horizontais, assemblearias, abertas, participativas e transparentes; espazos para a toma das decisións onde todas as persoas temos sempre a oportunidade de comentar a nosa opinión, de aportar as nosas ideas, ou simplemente escutar para enterarnos do que está acontecendo e poder facernos partícipes.

SOBERANÍA ALIMENTARIA E FEMINISMO

*Marcha Mundial das Mulleres Galicia.

A Marcha Mundial das Mulleres (MMM) adoptou unha postura totalmente contraria á industria alimentaria no VI Encontro Internacional de Perú, 2006, ao asumir o principio de Soberanía Alimentaria dos pobos, como

aspecto integrante e transversal dos catro campos de acción nos que decidimos organizar as nosas loitas. En alianza con Vía Campesina (VC), acordamos seguir profundando sobre este concepto e as implicacións que ten na vida das mulleres.

"A Marcha Mundial das Mulleres (MMM) adoptou unha postura totalmente contraria á industria alimentaria ao asumir o principio de Soberanía Alimentaria dos pobos"

Esta alianza tivo a súa primeira posta en escena a nivel internacional no Encontro de Nyéléni (Mali 2007), onde xunto cos movementos indíxenas, campesiños e ecoloxistas, VC xuntamos esforzos na consecución de obxectivos fundamentais para a MMM: rematar coa feminización da pobreza e eliminar a violencia de xénero. En Galiza asistimos a este proceso cando acollimos o VII Encontro Internacional en Vigo-2008, cun Foro sobre Soberanía Alimentaria e unha Feira de Soberanía



Alimentaria.

As accións de defensa dos nosos territorios, a agroecoloxía e o Cumio dos Pobos (paralelo á celebración da Conferencia da ONU sobre desenvolvemento sustentable, Rio+20), achégannos a unha nova forma de vida no planeta en solidariedade, oposta á mercantilización da natureza e da vida, pola defensa dos bens comúns e en favor da xustiza social e ambiental.

Dende o feminismo reformulamos os conceptos de traballo, familia, sostibilidade, para incluír neles á vida mesma, incorporando as relacións humanas como parte dos conflitos e relacións de poder. Así, as organizacións feministas propomos a despatriarcalización do Estado, quen nunca abandonou o machismo, tomando as mulleres como recursos dispoñibles para complementar as súas obrigas, por medio da división sexual do traballo e reforzando o modelo patriarcal de familia.

As mulleres sabemos que a nosa loita é todo o día, somos mulleres e non mercadoría!

Para as mulleres o capitalismo non ten ECO.

A BOIA ENTREVISTA A... ENEKO PÉREZ

Cal é o principio básico do movemento polos dereito animais (DDAA)?

Cando un suxeito de forma consciente e deliberada priva de liberdade, fai sufrir ou acaba coa vida dun animal, sexa este un ser vaca, un ser can o un ser humano o que se está exerciendo é unha relación de opresión. A opresión é inxusta en todas as suas formas. Se esta é exercida contra mulleres falamos de sexismo, se esta é ejercida contra persoas con outros rasgos físicos falamos de racismo, se o é contra animais dunha outra especie falamos de especismo. O movemento de DD AA busca o fin da opresión da que son víctimas os animais e o recoñecemento deles como suxeitos de dereito, é decir, como individuos cunha serie de intereses que ao igual que os nosos deben ser tidos en conta do mesmo xeito.

Cal foi o obxectivo da Xira contra a Represión ao Movemento de DDAA/Liberación Animal?

Entre os anos 2009 e 2010 varios activistas das organizacóns Equanimal e Igualdade Animal realizamos dúas investigacóns paralelas na industria peleteira. Introduximos con cámaras ocultas en varios criadeiros de visóns co obxecto de dar a coñecer o que esta industria oculta. Nese mesmo contexto temporal o Frente de Liberación Animal liberou a miles de visóns dun deses criadeiros e se nos pretende responsabilizar a varios de nós desta acción coa que non tenemos relación. Esto é unha montaxe xudicial, policial e mediática que forma parte dunha axenda represiva a nivel internacional contra o movemento de DDAA / Liberación Animal. Acúsalenos de exercer "ecoterrorismo" nun intento de criminalizar as nosas ideas.

O obxectivo da xira foi denunciar estes feitos, explicar a sua natureza política e potenciar un debate no movemento sobre cómo actuar ante este ataque.

Vostede leva moitos anos loitando polos DDAA. Podría citarnos algún dos seus traballos?


Do que más satisfeito me sinto é de haber participado en accións directas enmarcadas na desobediencia civil e nas investigacións encubertas, de facer máis conflictivas as nosas posicións. Espero que no futuro esta idea sexa compartida por cada vez máis activistas.

Cre que os consumidores dos productos da industria agroalimentaria reciben suficiente información sobre o sufrimento animal? Podríase facer algo nese sentido?

En xeral, non se recibe a información suficiente de como son oprimidos os animais. Ademáis a industria realiza campañas de lavado de imaxen que manipulan o que realmente padecen todos os animais nas granxas, acuarios, laboratorios,... Por iso realizamos investigacións encubertas, que informan sobre as condicións reais destas explotacións e teñen un impacto na demanda. Ainda que moitas persoas, tras coñecer todos estes feitos, siguen participando de todo este ciclo de escravitude e morte, por pequenos que sexan estos cambios, son moi importante, xa que para cada animal a sua vida é todo o que ten.

Cre posible que se declare Galicia como país libre de touradas?

Sí. Esto é algo que tarde o temprano ocorrirá. É o que creo.



CARLO PIRAGO 2009